

Anexo II. Metodoloxía da segunda fase do catálogo de perfís profesionais

A presente metodoloxía consta de dous bloques con contidos diferentes, necesarios para entender na súa totalidade este proxecto. No primeiro bloque realízase unha exposición xeral do traballo mediante a súa definición introdutoria, caracterización dos antecedentes e os actores intervinientes, delimitación da súa finalidade principal e das diferenzas co anterior proxecto e realización dun repaso histórico das fases de desenvolvemento. Posteriormente, nun segundo bloque de información, descríbense de xeito pormenorizado os criterios seguidos na realización dos distintos apartados das fichas perfís.

Bloque I: antecedente, definición, obxectivo, diferenzas co anterior proxecto e fases de desenvolvemento

O catálogo de perfís profesionais é unha publicación de natureza dinámica realizada por primeira vez no ano 2003 para caracterizar as ocupacións máis relevantes do mercado laboral galego. A segunda parte desta publicación constitúe o obxecto da presente metodoloxía e vén completar con perfís de novas ocupacións aqueles perfís profesionais editados no ano 2003.

Cada perfil profesional considerado no catálogo consiste na descrición integral dunha ocupación, a cal inclúe dende o ámbito de traballo máis común e requisitos técnicos e formativos ata a formación profesional asociada, que en conxunto configuran os aspectos que debe reunir un traballador para o desempeño competente dunha ocupación.

A segunda parte do catálogo de perfís profesionais integra bloques de información relevante relativa a 52 novas ocupacións, e por tanto diferentes das editadas no ano 2003, que aparecen no mercado laboral galego. O interese principal da presente publicación é a caracterización das ocupacións demandadas polas persoas que están buscando un enfoque axeitado do seu futuro profesional. Desta maneira, constitúese nunha ferramenta moi adecuada para a orientación profesional realizada nas oficinas de emprego e nos centros asociados como axuda á hora de establecer os itinerarios profesionais das persoas, dado que ofrecen unha información moi interesante sobre as ocupacións.

A continuación, relaciónanse as ocupacións estudadas xunto cunha referencia ás actividades produtivas segundo a afinidade que marca a clasificación sectorial utilizada para establecer as familias profesionais de formación profesional ocupacional. Isto non quere dicir que sexa a única afinidade sectorial das ocupacións, xa que algunhas poderían encadrarse noutros ou en varios sectores á vez:

Agrario

- Traballador de viveiros, en xeral
- Tractorista-manipulador agrícola

Administración e oficinas

- Administrativo comercial
- Administrativo contable
- Administrativo de persoal
- Empregado administrativo de entidades financeiras
- Recepcionista-telefonista en oficinas, en xeral
- Secretario/a, en xeral
- Delineante, en xeral
- Técnico en informática de xestión
- Técnico en sistemas microinformáticos
- Programador de aplicacións informáticas

Automoción

- Chapista-pintor de vehículos

Comercio

- Axente comercial
- Condutor-operador de carretilla elevadora, en xeral
- Vendedor técnico, en xeral
- Decorador de escaparates
- Axente de seguros

- Carniceiro para a venda en comercio
- Chacineiro
- Dependente de pescadería

Edificación e obras públicas

- Ferrallista
- Instalador de gas
- Conductor-operador de bulldozer (movemento de terras)
- Conductor-operador de escavadora (movemento de terras)
- Conductor-operador de retroescavadora (movemento de terras)
- Conductor-operador de motoniveladora (movemento de terras)
- Conductor de maquinaria de transporte de terras, en xeral
- Conductor-operador de guindastre torre
- Conductor-operador de guindastre ponte
- Conductor-operador de guindastre móbil
- Conductor-operador de guindastre en camión

Industrias agroalimentarias

- Almacenista de industrias alimentarias

Industrias da madeira e a cortiza

- Parqueteiro e/ou entarimador, en xeral
- Vernizador-lacador de mobles e/ou artesanía de madeira

Pesca e acuicultura

- Mariscador
- Piscicultor de criadeiro
- Piscicultor de engorde en augas mariñas
- Piscicultor de augas continentais

Servizos á comunidade e persoais

- Técnico de protección civil
- Esteticista
- Bañista-socorrista

Industrias gráficas

- Técnico en impresión offset
- Impresor de serigrafía

Sanidade

- Auxiliar de enfermería de xeriatria
- Auxiliar de laboratorio de análises clínicas

Transportes e comunicacións

- Almacenista de empresas de transporte
- Conductor de camión de mercadorías perigosas

Turismo e hostalería

- Animador turístico
- Guía de turismo
- Recepcionista de hotel

Artesanía

- Xoieiro

Un aspecto que diferencia este proxecto do implementado no ano 2003 é o relativo ao criterio de selección das ocupacións a estudar. No proxecto anterior establecéronse os perfís profesionais en función das ocupacións máis contratadas nese momento; porén, na edición actual seguiu-se como criterio clasificador a súa utilidade dende o punto de vista do labor orientador. Con este motivo, utilizouse como punto de partida a opinión dos propios orientadores laborais mediante o establecemento dunha enquisa co obxectivo fundamental de que manifestasen as ocupacións que eles necesitaban e consideraban máis adecuadas de cara ao desenvolvemento do seu traballo. Aínda que a resposta foi máis ben escasa, púidose percibir unha acollida favorable da publicación por parte deste colectivo, propoñendo, na maioría dos casos, ocupacións concretas que serviron de base á presente edición.

Como resultado da enquisa, seleccionáronse máis de medio centenar de ocupacións seguindo tres tipos de criterios: o feito de seren citadas na enquisa por dous ou máis orientadores; o feito de non pertenceren ao grupo profesional de peonaxe, desestimadas por seren ocupacións de escasa ou nula cualificación e polo tanto accesibles a todos os demandantes de emprego sen necesidade de orientación laboral, e o feito de seren profesións sen claro nivel universitario, pola dificultade engadida de delimitar as ocupacións concretas de nivel universitario sen confundilas coas titulacións que se requiren para exercelas. A utilización destes criterios non exclúe a posibilidade de que en futuros proxectos se elixan ocupacións entre estes dous grupos.

Tras a identificación das ocupacións preseleccionadas, acordouse a realización dun traballo previo de acoutamento da súa denominación dun xeito homoxéneo, seguindo como patrón a nomenclatura ocupacional da clasificación de ocupacións utilizada no SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego). A decisión de utilizar esta denominación ocupacional baséase no feito de que a clasificación SISPE pretende sistematizar a nivel nacional os nomes das ocupacións tomando como base a Clasificación Nacional de Ocupacións, actualizándoa e respectando xeralmente a súa codificación, para usar esta nomenclatura estándar nas bases de datos de emprego (esta clasificación emprégase tamén no SICAS, que é o sistema que relaciona as bases de datos de emprego en Galicia e noutros territorios nacionais).

Polo tanto, un traballo previo deste proxecto, consistiu en traducir a denominación das ocupacións extraídas da enquisa á denominación máis similar recollida no SISPE. No transcurso desta adaptación xurdiron unha serie de problemas que obrigaron nalgún caso a utilizar en vez da denominación principal desta clasificación a denominación alternativa, dado que este nome se axeitaba máis á realidade. Por outra banda, a catalogación polo SISPE foi tamén dificultosa nos casos onde non existía un homólogo evidente da ocupación proposta polos orientadores, tendo que considerar varias ocupacións por unha seleccionada, xa que segundo o SISPE non se trataba dun só profesional, senón de varios. E tamén sucedeu o caso contrario: en varias ocupacións houbo que seleccionar aspectos interesantes a tratar que por si mesmos correspondían a determinadas ocupacións SISPE. Na maioría dos casos foi de gran axuda, cando se daban diverxencias, a existencia dun certificado de profesionalidade que apoiase determinada decisión. Tamén se utilizou en certos casos o SISPE como criterio excluínte de certas ocupacións.

Por desgraza, non foi posible concretar a través da clasificación SISPE todas as ocupacións xurdidas da enquisa. Por este motivo, houbo que lle engadir ao proxecto unha fase de delimitación de certas ocupacións, a través dunha técnica que se axeitaba bastante a este obxectivo: “a entrevista en profundidade con expertos sectoriais”. Esta fase consistiu na realización dunha serie de entrevistas a expertos sectoriais das actividades empresariais propias das ocupacións dubidosas: acuicultura, movemento de terras e guindastres. O obxectivo fundamental perseguido nesta fase consistiu en aclarar o nome e a existencia dun total de 11 ocupacións de dubidosa concreción a través da súa validación e diferenciación doutras ocupacións. Tamén se aproveitaron as entrevistas en profundidade para acadar datos sobre convenios que afectaban a estas ocupacións dende o punto de vista sectorial e empresas onde poder realizar máis acertadamente a entrevista ao posto de traballo pola calidade dos profesionais e/ou polas facilidades de acceso aos entrevistados). O resultado desta serie de entrevistas foi a delimitación concreta das ocupacións eliminando do catálogo algunhas que non foron validadas polos expertos e mantendo outras que, malia non validarse claramente, tampouco se ofreceron argumentos en contra de peso para rexeitalas.

En relación co número idóneo de entrevistas que se deberían realizar segundo os sectores ou actividades, considerouse en principio unha perspectiva triangular, é dicir, tres entrevistas por cada unha das actividades produtivas. A selección de empresas onde se atopaban os expertos que se ían entrevistar levouse a cabo utilizando listíns telefónicos ou mediante contactos xa feitos polo Instituto Galego das Cualificacións, aínda que tamén se contactou con algunha asociación a través de Internet. Os expertos seleccionados para seren entrevistados reuniron en xeral as seguintes características: ser un profesional vinculado na actualidade ao sector; realizar ou supervisar actividades produtivas dentro do sector de referencia (descartándose por tanto as persoas que só están vinculadas por desempeñaren funcións de representación: asociacións, sindicatos...); ter unha experiencia profesional mínima de cinco anos dentro do sector, con perspectiva sectorial (visión integrada das actividades desenvolvidas no sector para poder comparar as ocupacións entre si, así como establecer os cambios máis importantes do sector), e, por último, exercer na actualidade a súa profesión en medianas e grandes empresas, xa que este tipo de empresas contan cunha maior diversificación produtiva e, xa que logo, nelas é posible delimitar con máis facilidade as funcións específicas de cada ocupación. En resumo, a persoa seleccionada debía ter certas responsabilidades dentro do sector pero vinculadas a aspectos produtivos e non tanto á xestión administrativa e/ou financeira.

Os temas a tratar na entrevista foron os seguintes: validación das ocupacións seleccionadas, establecemento da diferenciación funcional entre ocupacións e requisitos de acceso e elas, prospectiva cunha tripla análise (cambios acontecidos nos últimos anos no sector e a súa translación ao ámbito das técnicas e instrumentos de traballo, tendencias contractuais e aspectos tecnolóxicos e organizativos), avaliación dos cambios máis importantes a nivel sectorial e información documental: convenios, regulamentos, carnés e outras fontes documentais. Os puntos máis importantes da entrevista foron os correspondentes á validación do catálogo e á validación de información sobre cada unha das ocupacións, xa que neles solicitábase o recoñecemento do sector sobre as ocupacións que se seleccionaron previamente e os seus contidos, ou, en caso contrario, a redefinición destas.

Paralelamente ao desenvolvemento desta fase, estableceuse e desenvolveuse a fase documental, que consistiu nos seguintes aspectos: a primeira aproximación ao sector produtivo de referencia a través da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE), a revisión de convenios, normativa relativa a cada ocupación e carnés profesionais, establecemento das fontes documentais oficiais a través de cursos de formación ocupacional e estudos sectoriais para elaboración de certificados de profesionalidade, os propios certificados e perfís profesionais feitos noutras comunidades autónomas, para definir a ocupación, establecer funcións e achegar ferramentas, útiles e maquinaria, necesaria para o desenvolvemento do traballo. Respecto a estes aspectos netamente documentais das fichas perfís, convén sinalar que se estableceu unha orde de prelación das fontes, concedéndolle un maior peso á información procedente de fontes normativas, como son os certificados de profesionalidade ou os estudos sectoriais que deron pé a estes certificados. Como vehículo de busca, utilizouse tanto o centro de documentación do observatorio como Internet. Creouse para tal efecto unha base de datos de fontes documentais, clarificando a orixe de cada dato e evitando deste xeito posibles extravíos de información; nesta base rexistrouse, por exemplo, a normativa que sustentan os carnés profesionais, os convenios, etc.

Unha vez revisadas as fontes documentais para as distintas ocupacións, xurdiu a dificultade de encontrar información para determinadas profesións que, debido ao seu carácter difuso ou novidoso, carecían de fontes oficiais. Deste xeito, posteriormente houbo que focalizar dun xeito distinto a información referente a estas ocupacións máis difíciles para revisar e interpretar datos procedentes de diversas fontes: estudos autonómicos descritivos das ocupacións, cursos de formación profesional ocupacional, ciclos de formación profesional regrada, programas de garantía social e notas técnicas de prevención editadas polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo relacionados coas ocupacións seleccionadas. Se Estableceu unha xerarquía entre as fontes da seguinte maneira: dado que os estudos doutras comunidades eran máis recentes e aparecían contrastados, tanto a través de expertos como a partir de material documental e/ou normativo, considerouse que era o material documental óptimo para elaborar a ficha; de non contar con este material, empregáronse os cursos de formación profesional ocupacional e regrada, programas de garantía social e, en última instancia, as notas técnicas de prevención.


Rematada a fase documental, procedeuse á elaboración das fichas na súa parte documental, é dicir naqueles aspectos que non ían ser posteriormente contrastados cos expertos ocupacionais. Trátase dos seguintes apartados, algún deles admitindo a dobre vía documental e de consulta a expertos ocupacionais: "Nome da ocupación" e "código da ocupación" (fonte: clasificacións SISPE), "outras denominacións" e "ocupacións afíns" (fonte: clasificación SISPE, e completada posteriormente pola información procedente da enquisa ao posto de traballo), "ocupacións da área profesional" (fonte: Catálogo de Especialidades Formativas de Formación Ocupacional), "categorías profesionais" (fonte: convenios colectivos), "definición da ocupación", "funcións" e "instrumentos de traballo" (fontes documentais diversas e posteriormente validadas e, se é o caso, completadas polos expertos ocupacionais), "medidas de seguridade" (fontes documentais diversas pero só naquelas ocupacións en que se considerou relevante utilizar medidas de seguridade especiais; nas demais ocupacións non se fixo unha busca documental usando unhas categorías comúns e posteriormente validándose unhas e outras por medio dos expertos ocupacionais), carné profesional (fontes documentais diversas, enriquecida nalgúns casos a información polo resultado da enquisa que indirectamente deu indicios da existencia de determinadas carnés profesionais, observando a conveniencia incluso de, en próximas edicións, incluír no contraste ocupacional este apartado como tal), "sector económico" (fonte documental: Clasificación Nacional de Actividades Económicas, validado e enriquecido posteriormente polas respostas do contrato), "tipo de contrato laboral preferente" e "tendencia da contratación" (fonte documental: base de datos de contratos do Servizo Público de Emprego de Galicia, aínda que na tendencia da contratación naquelas ocupacións onde a forma habitual de relación laboral era a subministración de servizos, é dicir, o traballo autónomo, se decidiu que esta base de datos non era un indicador suficiente da tendencia considerando a opinión dos expertos ocupacionais), "formación profesional regrada" (fonte documental: titulacións de ensinanza profesional e ensinanzas artísticas de artes plásticas e deseño, en certos casos puntuais publicada polo Ministerio de Educación e Ciencia; esta información foi enriquecida posteriormente co requirimento de titulación que expresaban os expertos ocupacionais), e por último a "formación profesional ocupacional" asociada á ocupación (fonte documental: Catálogo de Especialidades Formativas de Formación Profesional Ocupacional).

Os restantes apartados da ficha perfil obtivéronse directamente dos expertos ocupacionais mediante a enquisa ao posto de traballo, xa fose con información previamente cuberta, ou mediante preguntas abertas. Neste segundo caso, por tanto, a citada enquisa non consistiu simplemente nun contraste, senón que se tratou dunha primeira aproximación á recollida de información da man das persoas que traballan de maneira directa nas ocupacións establecidas.

Dado que no traballo de campo, como se comentaba no parágrafo anterior, houbo preguntas pechadas ou semipechadas, outra fase previa á recollida de datos foi a elaboración do cuestionario que servise de base á enquisa do traballo de campo. Para elaborar este cuestionario partiuse do modelo utilizado no anterior proxecto de perfís, realizando nel certas melloras para perfeccionalo e así aumentar a súa operatividade. Revisouse un a un cada apartado, incluíndo caracterizacións doutros modelos de cuestionario aos que se tivo acceso, para facer unha selección de caracteres pechados o máis ampla posible. Unha mellora importante que facilitou o traballo de elaborar o cuestionario foi a de estandarizar todo o posible os ítems de resposta pechada, a diferenza do proxecto anterior, onde se buscou un tratamento individualizado para cada ocupación. Deste xeito, fíxose unha selección de características o máis ampla posible para que se recollese toda a casuística probable de todas as ocupacións. En case todas as preguntas se deixou ademais un apartado de “outros” por se quedaba algunha cuestión desatendida polo modelo común. Unha excepción a esta regra fíxose coas normas de seguridade para certas ocupacións que, dada a súa especificidade, importancia e facilidade para acadar información, se creu máis conveniente e enriquecedor individualizar o modelo neste apartado.

Unha vez cubertos os cuestionarios, comezou a fase do traballo de campo, que consistiu na aplicación dunha enquisa a expertos traballadores nas diferentes ocupacións estudadas co obxectivo de acadar información cuantitativa dos distintos aspectos que compoñen a profesionalidade para así completar ou contrastar, segundo o caso, a información proveniente de fontes documentais.

A diferenza do anterior proxecto de perfís profesionais, a enquisa foi de carácter presencial (anteriormente enviouse por correo) e, polo tanto, estableceuse un contacto directo do entrevistador co entrevistado que contribuíu a aumentar a calidade da enquisa, por dous motivos: porque o entrevistador podía, en caso de haber respostas incoherentes, incidir na explicación da pregunta para reconducir a resposta, e porque incidíamos desta maneira na fiabilidade ao asegurámonos de que quen contestaba era quen debía contestar a enquisa, algo que non se pode asegurar cando se trata dunha enquisa efectuada por correo, aínda que se efectúen mecanismos de comprobación por verificación telefónica co entrevistado para refrendar parcialmente a súa participación activa. Outra diferenza co anterior proxecto é o número mínimo de enquisas realizadas por ocupación, que nesta ocasión foi de cinco, en contraste coas tres enquisas da anterior edición; este aumento contribuíu a enriquecer e reafirmar as respostas do cuestionario. Como se mostra na seguinte táboa, o número de entrevistas por ocupación oscilou entre un mínimo de cinco enquisas e un máximo de dez que se levaron a cabo nunha ocupación:



Polo tanto, atendendo á distribución da mostra realizada, hai que sinalar que se efectuaron un total de 323 entrevistas para 54 perfís ocupacionais, resultando unha media de 5,98 entrevistas por perfil.

Tamén na presente edición se deu especial atención á distribución territorial das enquisas, de forma que nos aseguramos de que se fixese unha das cinco entrevistas mínimas polo menos en cada unha das provincias galegas. A conveniencia desta decisión estriba en que deste

xeito nos aseguramos de que os perfís profesionais representen a maneira de traballar de todos os profesionais galegos e non só os das provincias occidentais, onde se encontra o maior número de empresas. Como en toda regra, sempre se dá algunha excepción, como foi o caso de “auxiliar de laboratorio de análises químicas”, onde, tras reiterados e insistentes intentos de contactar cun amplo número de laboratorios clínicos no sector privado e público, foi totalmente imposible conseguir unha entrevista a este tipo de ocupación en Ourense.

Despois de realizar as enquisas, se estableceu un proceso de depuración de información para detectar eventuais erros, e se creou como produto final desta fase unha base de datos para concentrar todas as respostas e facilitar a análise de datos, última fase do proxecto de perfís. Paralelamente, elaborouse unha base de datos con todos os contactos realizados para o establecemento da enquisa.

O proxecto de perfís profesionais rematou tras a análise de datos. O resultado desta fase foi a elaboración final das fichas perfil correspondentes aos aspectos non documentais. Os criterios de realización utilizados resúmense no seguinte apartado desta metodoloxía.

Análise de datos das enquisas a expertos ocupacionais. Criterios de análise

Para realizar unha análise de datos o máis obxectiva posible baseándose nas respostas obtidas da enquisa a expertos ocupacionais, establecéronse unha serie de criterios xerais de análise. A continuación explícanse brevemente os criterios seguidos para elaborar cada un dos apartados da ficha perfil:

- 1, 2.- Nome e código da ocupación.** Apartados cubertos, en xeral, segundo a denominación principal e codificación recollidas na Clasificación de ocupacións SISPE. Nalgún caso é posible que neste apartado figure a denominación alternativa en lugar da principal, como sucede coa profesión de “traballador en piscifactoría en xeral”, na que se preferiu o nome alternativo de “piscicultor de criadeiro” por resultar máis conveniente para diferencialo do “piscicultor de engorde en augas mariñas”.
- 3.- Outras denominacións.** Apartado cuberto a partir de tres fontes de información, dúas delas procedentes de fontes documentais: nome alternativo da clasificación de ocupacións SISPE (nome principal en caso de que o nome alternativo se utilizase no nome da ocupación) e nomes da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-INEM) incluídos na denominación SISPE considerada. Respecto a esta última fonte documental, non é de estranar encontrarse con denominacións que correspondan a partes da ocupación, xa que en ocasións a clasificación SISPE veu refundir nunha varias ocupacións CNO. Por último, engadiuse outra fonte de información procedente da enquisa ao posto de traballo nos casos onde se daba unha coincidencia de resposta de tres enquisados ou dúas sen ningún xénero de dúbidas.
- 4.- Ocupacións afíns.** Cubriuse a partir de dúas fontes complementarias: unha documental, é dicir, outras ocupacións da clasificación SISPE incluídas no mesmo grupo e outra procedente do traballo de campo, consistente nunha coincidencia de tres respostas na enquisa ou dúas obvias.
- 5.- Ocupacións da área profesional.** Este apartado é completamente documental e non se levou a contraste na enquisa. Nel consígnase outra forma de afinidade da ocupación estudada con outras ocupacións, a través da formulación derivada do catálogo de especialidades de formación ocupacional seleccionando as ocupacións pertencentes á mesma área profesional.
- 6.- Categorías profesionais.** Este apartado utiliza como fonte principal os convenios colectivos de diferente grao de concreción. Cómpre sinalar ao respecto que concretar as categorías profesionais de determinadas ocupacións non é un traballo fácil, xa que as categorías nos convenios non acostuman vir especificadas por ocupacións, polo que é fácil incluír como categorías as correspondentes a outras ocupacións e incluso denominacións doutras ocupacións de forma involuntaria. No futuro podería solucionarse este problema contrastando a información a través da enquisa ao posto de traballo.
- 7, 8, 14.- Definición, funcións e ferramentas e instrumentos de traballo da ocupación.** Estes apartados cubríronse a través de diversas fontes documentais, fundamentalmente as relacionadas cos certificados de profesionalidade e o Catálogo de Especialidades de Formación Profesional. Posteriormente enviáronse a contraste a través da enquisa ao posto de traballo. Só se modificou a definición con dúas alegacións nun sentido e tres no caso das funcións. En ocasións tamén xurdiu a disxuntiva de ter que adaptar a definición ás modificacións das funcións ou viceversa.
- 9.- Lugar de traballo.** Este apartado utilizou unicamente como fonte a enquisa ao posto de traballo. Tivéronse en conta todos os lugares sinalados polos entrevistados a partir de dúas respostas comúns. Destacáronse, por outra banda, os lugares comúns dos non comúns (respostas non unánimes), separándoos en dúas frases diferentes.
- 10, 11, 12, 15.- Condicións atmosféricas, ruído e vibracións, iluminación e posición de traballo:** estas cuestións derivan tamén da enquisa ao posto de traballo froito dunha pregunta semipechada do cuestionario con dous posibles tipos de resposta positiva: “sempre” e “ás veces”, e cun espazo para outros casos non considerados previamente. O criterio xeral seguido foi contabilizar respostas similares a partir de tres coincidencias.
- 13.- Temperatura.** Pregunta pechada e, por tanto, forzada a elixir entre varias respostas posibles. Contabilizáronse en principio tres coincidencias nun sentido e, en caso de non habelas, optábase polas máis comúns con coherencia, é dicir, sen existir contradicións.

- 16, 17 e 18.- Enfermidades, accidentes e danos:** a dinámica é a mesma que nas catro preguntas semiabertas anteriores, pero neste caso contabilizábanse directamente tres coincidencias positivas (“sempre” ou “ás veces”), sexan iguais ou distintas e aínda que houbera máis coincidencias negativas. Esta diferenza débese á importancia destes apartados na saúde laboral e de cara á orientación dos demandantes con discapacidade.
- 19.- Medidas de seguridade.** Cubriuse a partir da enquisa ao posto de traballo, contabilizando todas as respostas dadas polos entrevistados, tanto as previamente consignadas no cuestionario como cada unha que nomearon os enquisados de novo. Polo tanto, consignouse a totalidade das respostas coincidentes ou non por considerar que unha soa resposta constituía por si mesmo un feito significativo para recomendar ou exixir determinada medida de seguridade e así poder evitar os nada desexables accidentes laborais, desgraciadamente tan comúns en certas ocupacións.
- 20.- Disponibilidade para viaxar.** Cubriuse a partir da enquisa segundo a tendencia máis común da resposta.
- 21.- Nivel de estudos requirido.** Consignouse a través do traballo de campo a partir da resposta cun nivel académico máis baixo, por crer que o feito de que polo menos un experto ocupacional o considerase así o convertía no menor nivel requirido para exercer a ocupación.
- 22.- Carné profesional.** A elaboración deste apartado fíxose a partir dun estudo documental que correu a cargo da empresa contratada, considerando como fonte principal un informe de profesións reguladas elaborado polo Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións do Instituto Galego das Cualificacións. O concepto de carné profesional no presente proxecto ten máis amplitude que no proxecto do ano 2003, dado que se considerou, ademais das profesións reguladas, calquera coñecemento normativo necesario para o desenvolvemento da ocupación, como pode ser o carné de conducir ou o carné de manipulador de alimentos. Segundo esta consideración, a información de carnés profesionais asociados foi completada posteriormente, é dicir, no transcurso da análise con datos contidos nos apartados de coñecementos necesarios que poñían de manifesto a existencia de regulacións asociadas á ocupación. Este feito evidenciou a necesidade no futuro de incluír no traballo de campo o contraste de información sobre carnés profesionais.
- 23.- Formación complementaria.** A información coa que se elaborou este apartado procede integramente do traballo de campo. O criterio de análise das respostas variou segundo o tipo de información complementaria. Deste xeito, no grupo formado por coñecementos técnicos, normativos e outros coñecementos consignáronse na ficha todas e cada unha das respostas dadas polos entrevistados que se fixeran cun mínimo de coherencia, pois tratábase de preguntas abertas e, polo tanto, de máis difícil coincidencia. No caso de coñecementos de informática e idiomas, contabilizáronse soamente cando existía unha coincidencia de resposta, xa que se intuía que os coñecementos de informática non van ligados ás veces ao exercicio dunha determinada ocupación, senón que son coñecementos hoxe en día necesarios en calquera faceta da vida profesional; por este motivo, preferiuse facer un pequeno fincapé na incidencia de resposta antes de considerala.
- 24, 26.- Condicións físicas e capacidades demandadas.** Son aspectos físicos e psicolóxicos da empregabilidade obtidos a partir da enquisa ao posto de traballo segundo dúas preguntas semipechadas con categorías establecidas previamente a partir de estudos de diversas entidades. O criterio de valoración utilizado foi o de contabilizar resultados a partir de tres respostas coincidentes, dado que se trata de aspectos da empregabilidade moi subjectivos, sobre todo as virtudes psicolóxicas e cognitivas e, así, de resposta moi variable. Polo tanto, para asegurarse de conseguir unha resposta obxectiva, creuse conveniente aumentar o número de persoas implicadas na resposta.
- 25.- Perfil de idade:** refírese a se na ocupación existe unha preferencia de idade. Este apartado cubriuse a partir da resposta máis común dos enquisados no traballo de campo. Na maioría dos casos a resposta foi negativa; ao non detectarse a citada preferencia, estableceuse o intervalo máis amplo dos expostos polos entrevistados.
- 27.- Sectores económicos.** Este apartado cubriuse a partir de dúas fontes de información complementarias. Por unha parte, fíxose unha busca documental a partir da Clasificación Nacional de Actividades Económicas e os resultados incluíronse no cuestionario do traballo de campo para contrastar cos expertos ocupacionais. E por outra banda, requiríuse dos citados expertos que engadisen a través da enquisa algún outro sector produtivo de incidencia na ocupación non considerado inicialmente. En calquera caso, tivéronse en conta todas as respostas a partir dunha coincidencia. O nivel de desagregación foi variable, segundo requiriu o correcto encadramento produtivo da ocupación.
- 28.- Tipo de contrato preferente.** A información correspondente a este apartado procede do rexistro de contratos do Servizo Público de Emprego de Galicia. Consideráronse os datos máis recentes sobre a tipoloxía contractual correspondente ao ano 2004. Na maioría dos casos a resposta foi a de contrato temporal. Este dato débese considerar coa debida cautela, xa que non se refire a que a contratación temporal sexa a tipoloxía contractual máis abundante, senón que son os contratos temporais os que máis se contrataron no último ano. Para coñecer a tipoloxía realmente máis abundante habería que saber primeiro cantos contratos indefinidos están establecidos na actualidade procedentes de anos anteriores, que por outra parte son a maioría dos indefinidos, datos que a base de datos de contratos non ofrece.
- 29.- Nivel salarial.** Neste apartado estableceuse o intervalo salarial máis amplo con incidencia na ocupación. Cubriuse desde o traballo de campo a partir do salario máis reducido que un enquisado consignou no apartado de mínimo nivel salarial e do máis elevado que un enquisado apuntou no de máximo nivel salarial.
- 30, 31.- Xornada laboral habitual e tipo de organización laboral preferente.** Estes apartados cubríronse a partir do cuestionario segundo a resposta máis común. En caso de que existise empate de respostas máis comúns, contabilizábanse todas.

- 32.- Actividades dos negocios.** Este apartado incide, como o de sectores económicos, no encadramento sectorial da ocupación, pero sen a rixidez da que é obxecto a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, onde resulta difícil encadrar certas actividades que existen na realidade económica. Polo tanto, este apartado cubriuse a partir de cada unha das achegas realizadas polos expertos ocupacionais, é dicir, de toda a casuística obtida no traballo de campo. Iratabase, pois, dunha pregunta aberta e, como consecuencia, consideráronse todo tipo de respostas, aínda que ás veces se solapasen un pouco, por exemplo cando se consignaban actividades xerais e outras específicas que poderían estar incluídas nas xerais pero que enriquecían a resposta ao dar pistas máis precisas dos parámetros sectoriais nos que se pode mover a empregabilidade da ocupación.
- 33.- Tendencia da contratación.** Este apartado cubriuse en xeral a partir da base de datos de contratación, segundo a evolución dos contratos asociados á ocupación dos últimos cinco anos. Pero en ocupacións en que o tipo de organización laboral preferente segundo o traballo de campo era a de autónomo, é dicir, sen contratación por conta allea, desestimouse a información procedente da base de datos a favor da opinión dos enquisados respecto á evolución dos contratos, xa que se deduciu que esta pregunta feita a un autónomo tería un significado máis amplo, relativo á contratación dos seus servizos.
- 34.- Innovacións e cambios.** A información deste apartado procede integramente da enquisa ao posto de traballo. Ao tratarse dunha pregunta aberta, tentouse consignar todas as respostas obtidas que tiñan un mínimo de coherencia, pero, a diferenza doutros apartados procedentes de preguntas abertas, tentouse facer unha pequena interpretación dos resultados, unindo en ocasións cuestións afíns nunha soa frase, sobre todo naquelas respostas difusas que permitían facelo. Dentro deste apartado, a resposta máis confusa deuse nas “innovacións e cambios en materia de xestión”, onde se tentaba acadar información sobre cuestións propias do funcionamento das empresas e onde os enquisados entenderon cousas moi variadas; en calquera caso, intentouse manterse fiel á resposta.
- 35 e 36.- Capacidade de promoción profesional e postos aos que pode promocionar.** Apartado cuberto a partir do traballo de campo segundo unha pregunta de resposta positiva/negativa. A ficha cubriuse loxicamente contabilizando a opción máis común. En caso de resposta positiva, cubriuse o apartado seguinte, relativo aos postos de promoción. Neste segundo apartado, en principio considerábase toda a casuística expresada polos distintos profesionais, pero viuse que era unha tarefa dificultosa, dado que, ao tratarse dunha pregunta aberta, houbo pouca coincidencia de respostas e nalgúns casos era difícil discernir se eran postos similares ou diferentes. Tamén houbo dificultades en diferenciar se se trataba verdadeiramente doutras ocupacións ou, polo contrario, de categorías profesionais dentro da mesma ocupación que non se consideraban neste apartado (véxase o apartado 6). A causa dos problemas xurdidos, se optou por realizar unha filtración e homologación de denominacións dos citados postos.
- 37 e 38.- Formación profesional regrada e programas de garantía social.** Apartado netamente documental cuberto con información contida na páxina web do Ministerio de Educación e Ciencia referente a títulos de formación profesional de grao medio e superior e os programas de garantía social. Encontráronse certas ocupacións nas que a súa formación profesional asociada se encadraba nas ensinanzas artísticas e en concreto nas ensinanzas de artes plásticas e deseño, reflectíndose esta información na análise e especificándose na ficha correspondente esta procedencia.
- 39.- Formación profesional asociada.** Apartado cuberto segundo unha fonte documental concreta, o Catálogo de Especialidades de Formación Ocupacional. Tentouse consignar todos os cursos asociados á ocupación e aqueles relacionados que completaban a formación profesional do traballador.
- 40, 41.- Formación profesional continua e outros cursos de formación.** Apartados cubertos a través do traballo de campo a partir de preguntas abertas. Considerouse, por tanto, toda a casuística achegada polos expertos ocupacionais. O apartado de “outros cursos de formación” recolle información de diferentes cursos realizados polos observadores que non se enmarcan dentro de ningún dos tres subsistemas de formación profesional; estes límites non son sempre claros e en ocasións xurdiron dúbidas sobre a conveniencia de consignar neste apartado certos cursos que perfectamente poderían corresponder a formación continua. Tamén xurdiron dúbidas entre cursos de formación continua e ocupacional, dado que estes últimos tamén poderían ser feitos por traballadores inscritos nas oficinas de emprego demandando emprego na situación de mellora de emprego.
- 42.- Observacións.** Este apartado non aparece en todas as fichas; só nuns poucos casos moi específicos cunha problemática especial ou que requirían de certos comentarios relacionados coa recollida de información.
- 43. Data.** Por último, unha novidade en relación co primeiro proxecto de perfís é a adición dun apartado de límite temporal baixo a consideración do carácter dinámico ou evolutivo das ocupacións. Consecuentemente, un perfil profesional que hoxe en día se pode considerar característico dunha ocupación mañá pode quedar obsoleto por cambios de diversa índole; de aí a importancia da súa especificación temporal para evitar este tipo de confusións desagradables. Polo tanto, engadíuselle a cada perfil profesional unha data concreta e común a todos, que neste caso corresponde a decembro do 2005, xa que nesta data foi cando finalizou a análise de datos coa que se completaron as fichas perfís e se rematou o proxecto de perfís profesionais nos seus aspectos técnicos.